CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximas á experiencia do alumnado, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos como a repetición, o ritmo lento ou a linguaxe non verbal, e amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Planificar e participar en situacións interactivas breves e sinxelas, , apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal e mostrando respecto.	TI	29
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada e nun contorno próximo, estratexias adecuadas para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións.	Seleccionar e utilizar, de forma guiada, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación e tomar e ceder a palabra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender a diversidade, mostrando respecto e empatía polas e polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por participar na resolución de problemas de intercomprensión (entre as distintas linguas) e de comprensión na súa contorna máis próxima, contando con diversos recursos e apoios.	Explicar comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e interese por solucionar problemas.		
CA1.9 - Aplicar, de forma guiada, estratexias que axuden a crear pontes e facilitar a comprensión e produción de información e comunicación, adecuadas ás intencións comunicativas, utilizando recursos e soportes físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar, de forma guiada, estratexias que faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación, usando, con axuda, recursos básicos en función das necesidades de cada momento.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos esenciais do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias para mellorar a súa capacidade de comunicación e aprendizaxe da lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e medios analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as distintas linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adaptarse á diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira, recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que favorezan a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo aos valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación. - Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas. - Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no

Contidos

- espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigación e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información, e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, as condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Materiais de consulta de elaboración propia
Manual da editorial (Libro e/ou caderniño do alumnado)
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos DUA
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	20	30	100
Proba escrita	70	70	70	70	71	71	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	29	29	30

Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continua, progresiva, integradora e formativa. Os criterios de avaliación vincúlanse a contidos de natureza progresiva e acumulativa. Polo tanto:

1ª.-Os contidos de cada trimestre serán incluídos e avaliados nos trimestres pposteriores, sendo ésta a principal vía de recuperación dunha avaliación precedente suspensa, coa excepción das derradeiras semanas do curso cando o alumnado poderá reforzar a materia e así tentar recuperala (ESO) .

2ª.-Non haberá exames específicos de recuperación na 1ª, 2ª e 3ª avaliacións, agás para o alumnado coa materia pendente de nivéis previos.

CÁLCULO DA CUALIFICACIÓN MEDIA FINAL DO CURSO

O primeiro trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.

O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.

O terceiro trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

Para aprobar cada avaliación terá que acadar unha cualificación igual ou superiora 5. A nota da avaliación final pode ser inferior ou superior á da terceira avaliación debido á ponderación que se especifica neste apartado.

A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

1. COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 +CA 1.3): 20%

Instrumentos de avaliación: proba escrita que poderá incluír cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar e preguntas de relacionar, poñer frases en orden, encher ocios, facer resumos...Cada unha das partes, a oral e a escrita terá unha valoración do 10% e para poder aprobar o exame de avaliación haberá que obter un mínimo do 2.5% en cada unha.

A comprensión escrita incluírá o libro de lectura obrigatoria The Canterville Ghost . Se na terceira avaliación o alumno non alcanza a puntuación mínima na comprensión escrita do libro de lectura e sí a obtén nas outras partes restantes, pode facer un segundo exame do libro.

2. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4), INTERACCIÓN (CA 1.7 + CA 1.8) E MEDIACIÓN (CA 1.9+ CA 1.10): 20%

Instrumentos de avaliación: táboas indicadoras para valorar presentacións, intervencións individuais, diálogos en parellas, gravacións de audio e vídeo, etc. Para aprobar o exame de avaliación haberá que obter un mínimo do 5%.

3. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5): 10%

Instrumentos de avaliación: táboas indicadoras para valorar textos sobre un tema, situación, etc., usando o

vocabulario e estruturas que teñen estudado e son propias do nivel de 3º ESO. O mínimo que haberá que obter neste apartado para aprobar o exame de avaliación será o 2.5%.

4.PRODUCCIÓN DE TEXTOS COHERENTES ADECUADOS AS NECESIDADES COMUNICATIVAS (CA 1.6): 40%

Instrumentos de avaliación: proba escrita con exercicios de gramática e vocabulario, resolución de situacións ou necesidades de comunicación, etc. En cada avaliación e antes do exame do final de trimestre farase como mínimo unha proba previa. Dita-s proba-s terá-n unha puntuación do 20% a sumar a outro 20% do exame do final do trimestre. O mínimo requerido só na proba do final do trimestre será do 5%.

5. PLURILINGÜISMO, REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3) E INTERCULTURALIDADE (CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 10%

Instrumentos de avaliación: táboas indicadoras para valorar o traballo do alumnado. Neste apartado terase en conta a observación sistemática do traballo do alumno (rexistrado con positivos, negativos ou escalas cuantitativas nos cadernos de profesor ou nas súas apps educativas) mediante chamadas ou preguntas na clase de control dos deberes, das actividades de aula, mediante a participación e intervencións espontáneas na clase (ou ausencia destas), a realización de proxectos ou presentacións, entrega de tarefas (ou fallo na mesma), portfolios, gravacións de audio e vídeo e moitas outras cousas que computarán de cara a cualificación final e que aportan información significativa sobre as aprendizaxes do alumnado. Cada profesor establecerá as oportunas rúbricas e informará das escalas e a ponderación.

A proba do final de cada trimestre terá cinco partes: comprensión oral, comprensión escrita (libro de lectura), produción oral (incluíndo a Interacción e Mediación), produción escrita e produción de textos coherentes adecuados as necesidades comunicativas. Terá unha valoración do 70% da nota de cada avaliación. Se o alumno non acadara o mínimo establecido en calquera das partes (unha cuarta parte da cualificación máxima), a máxima puntuación que poderá obter será do 28%.

CONSIDERACIÓNS RESPECTO DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Os exames realizaranse nas datas acordadas entre o profesor/a e os/as alumnos/as, poidéndose adaptar as datas () ás circunstancias especiais que se vaian presentando.Os alumnos/as que non se presenten aos exames e probas propostas serán cualificados con 0 puntos, agás que:

1. Padezan doenzas de calquera índole aportando xustificante de cita médica ou informe do especialista.

2. Sufran imprevistos que teñan que atenderse de xeito inexcusable na data fixada para a proba (xestións e exames oficiais, citación xudicial,...) aportando a certificación expedida polo organismo oficial correspondente.

Para garantir a equidade e xustiza na avaliación, o profesorado poderá requirir xustificación oficial (cita ineludible ou informe médico de urxencias, comparecencia a exames oficiais, e outras citacións oficiais...) ó alumnado reincidente nas súas faltas de asistencia aos seus exames para que lle sexa reprogramado o exame. En caso de non presentala en prazo e forma (2 días) a falta considerárase inxustificada e o estudante será a avaliado coas notas existentes e os rexistros de clase.

- A recollida de traballo desenvolvido na aula e a avaliación sistemática recollida no caderno de profesor das Producións Oraís, Mediacións e Interaccións dos alumnos/as na aula consideraranse probas obxectivas.

- Por último, aqueles alumnos que o profesor atope cometendo calquera fraude, copiando, utilizando un móbil nun exame, alterando de calquera xeito un instrumento de avaliación, sexa presencialmente ou a distancia, serán cualificados cun 0 en dito instrumento. Cando a posteriori existan sospeitas razoables de que houbo copia, o profesorado poderá requirir do estudante que amose ter os coñecementos que acredita na devandita proba.

- O traballo do alumnado recollido en soporte audiovisual será tratado como un instrumento máis da avaliación, é dicir, será custodiado e revisado exclusivamente polo profesorado integrante do departamento de inglés, e de ser o caso, polo Equipo de Orientación e a Dirección do centro. NON será difundido públicamente na rede. Non comprén a cesión de dereitos de imaxe.

Criterios de recuperación:

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas. O alumnado que non obteña como mínimo un 5 ao final de curso terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final de comprensión escrita (incluíndo todos os capítulos do libro de lectura), comprensión oral, produción

escrita e produción de textos coherentes. Para facilitarlles a súa recuperación non se incluírá a parte de produción oral. Os detalles dos instrumentos de avaliación empregados en cada proba están especificados no apartado anterior: criterios de cualificación.

Para aprobar este exame o alumno terá que mostrar un coñecemento mínimo en cada unha das catro partes das que se examina, como tamén se especifica no apartado anterior. Deixar algunha en branco ou non acadar a puntuación mínima establecida (unha cuarta parte da puntuación máxima posible) suporá suspender o exame e a materia, obtendo como máxima cualificación un 4. A nota para superar esta proba ten que ser 5 ou superior e será a reflectida na avaliación final ordinaria.

- COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 40% (mínimo 5% en cada parte)
- PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5): 20% (mínimo 5%)
- PRODUCCIÓN DE TEXTOS COHERENTES ADECUADOS AS NECESIDADES COMUNICATIVAS (CA 1.6): 40% (mínimo 10%)

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

-O alumnado coa materia pendente deberá seguir un protocolo de recuperación durante os dous primeiros trimestres, baseado na realización de boletíns nos que se traballen as distintas competencias e a realización de probas que lle indique á súa profesora. A persoa docente do curso actual titorizará e fará o seguimento de dito protocolo de recuperación. É posible recuperar a materia por esta vía, realizando as actividades (10%) e superando as probas (media aritmética).

-Asemade, unha cualificación positiva (mínima de 5) na segunda avaliación do curso actual implica a recuperación da materia pendente.

-O alumnado que non recupere a materia pola primeira nin pola segunda vía, terá a oportunidade de superar a materia realizando unha proba de recuperación final en maio. A proba consistirá na comprensión escrita, produción escrita e produción de textos coherentes adecuados as necesidades comunicativas.

-O alumnado que non recupere a materia por ningunha das tres vías terá a oportunidade de superar a materia aprobando a avaliación final ordinaria do curso de referencia.

Para facilitarlles a súa recuperación non se incluírán nas probas de recuperación as partes de comprensión oral e produción oral, nin as lecturas obrigatorias. Para aprobar este exame o alumno/a terá que mostrar un coñecemento mínimo en cada unha das tres partes das que se examina, como se especifica a continuación. Deixar alguha en branco ou non acadar a puntuación mínima establecida suporá suspender o exame e a materia, obtendo como máxima cualificación un 4. A nota para superar esta proba ten que ser 5 ou superior.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- COMPRENSIÓN ESCRITA (CA1.1 + CA 1.2 + CA 1.3): 25% (mínimo 6%)
Instrumentos de avaliación: proba escrita que poderá incluír cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, completar ou contestar, preguntas de relacionar, poñer frases en orden, encher ocos...
- PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5): 25% (mínimo 6%)
Instrumentos de avaliación: táboas indicadoras para valorar textos sobre un tema, situación, etc., usando o vocabulario e estruturas que teñen estudado e son propias do nivel de 3º ESO.
- PRODUCCIÓN DE TEXTOS COHERENTES ADECUADOS AS NECESIDADES COMUNICATIVAS (CA 1.6): 50% (mínimo 12.5%)
Instrumentos de avaliación: proba escrita con exercicios de gramática e vocabulario, resolución de situacións ou necesidades de comunicación, etc.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán algunhas das seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X

Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación en actividades de final de trimestre	Tema sugerido por vicedirección	X	X	X
Participación en proxecto anual de centro	Tema sugerido por la dirección del centro		X	
Actividades promovidas pola auxiliar de conversa	Distintos proxectos trimestrais	X	X	X

Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Clima de traballo na aula
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

Descrición:

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre
 Ás veces
 Nunca

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliacións analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados